

Prazos para solicitar permutas provisionais.

A modificación da orde de solicitude de intercambios provisionais publicouse no DOG con cambios moi relevantes sobre a proposta que a Consellaría levou á Mesa Sectorial, incorporando a maior parte das propostas que a CIG-Ensino propuxo en solitario.

Ningún prazo rematará obrigatoriamente no mes de agosto. O profesorado que non ten obriga de participar na petición de destinos provisionais e que permutan entres terán un prazo específico non vinculado co CADP e haberá un prazo no mes de setembro.

As anteriores foron as reclamacións que a CIG-Ensino presentou na Mesa Sectorial e que nos levaron a pedir a retirada da modificación dos prazos que propoñía a nova orde, ao entender que non se debía establecer ningún prazo exclusivo que se abrise e pechase no mes de agosto, ao ser este o mes de vacacións do profesorado.

Nesa demanda a CIG-Ensino quedouse soa mais á vista da publicación no DOG, está claro que a Consellaría operou con racionalidade e aínda que o que se modifica non é ao cento por cento o que desde o sindicato propuxemos, é certo que a rectificación da Consellaría é clara e responde maioritariamente aos reparos que desde o sindicato indicamos.

Profesorado obrigado a participar no CADP

Se a adxudicación definitiva do CADP é antes do 15/08.

1º prazo: 10 días hábiles despois da publicación da resolución definitiva. A toma de posesión da permuta tería todos os efectos a 1 de setembro

2ª prazo: 4 días hábiles desde o 1 de setembro. Os efectos administrativos da data en que se dite e efectos económicos do día 1 de outubro. Isto implica a incorporación á praza permutada en canto se conceda mais o cambio na nómina sería en outubro, para evitar os problemas no caso de profesorado que cambia de provincia e podería ter un descuberto na cotización á seguridade social. Neste segundo prazo só poderían participar quen non participou no 1º prazo.

Se a adxudicación definitiva do CADP é posterior ao 15/08.

Único prazo: 4 días hábiles desde o día seguinte á publicación.

Profesorado non obrigado a participar no CADP

Único prazo: do 15 ao 31 de xullo. Este prazo é unicamente para permutas nas que as persoas que a solicitan non participan no CADP. Se na permuta intervéñ unha persoa que está obrigada a pedir destino provisional os prazos para todas as persoas solicitantes son as do colectivo obrigado a participar no CADP.

Como solicitar permutas provisionais?

Sede electrónica da Xunta. Aquí non se produce ningún cambio. A única vía para solicitar permutas é na sede electrónica da Xunta: <https://sede.xunta.gal>. Se alguén a presenta por outra vía será requirido para facelo na sede electrónica, contando os prazos desde que o faga por esta vía.

Unha instancia por solicitante. Cada persoa que desexe permutar debe presentar unha solicitude na que deberán constar os datos da persoa coa que queira solicitar o intercambio de praza.

Quen pode solicitar permutas provisionais?

Poderán solicitar o intercambio provisional dúas ou máis persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- Que pertencen ao mesmo corpo.
- Que a praza corresponda a mesma especialidade (neste caso tamén se entende que deben ter o mesmo perfil lingüístico). Persoas con varias especialidades non poden permutar prazas que non están ocupando. Só se poden permutar as prazas das especialidades que realmente se están a desempeñar.
- Que vaian desempeñar a súa función docente no centro educativo durante o curso

Non poderá concedérselle ao profesorado que desempeñe o seu posto de traballo en réxime de comisión de servizos. Por tanto, persoas con comisión de saúde ou concilia non poden permutar. Se alguén a quen lle conceden unha

comisión entendese que vai ter mellor destino mediante unha permuta provisional debe renunciar á comisión no prazo de reclamacións e renuncias do CADP.

Resolución das concesións das permutas.

A Consellaría, con carácter xeral, resolverá favorablemente as solicitudes de intercambio provisional de postos de traballo que non excedan de tres anos, e non causen graves prexuízos a terceiras persoas interesadas, entre os colectivos que se citan:

- Entre o persoal funcionario de carreira con destino definitivo.
- Entre o persoal funcionario con destino provisional (inclúe, por tanto, o profesorado interino)
- Entre o persoal funcionario de carreira con destino definitivo e o persoal funcionario con destino provisional.

As solicitudes de persoas que xa gozaron de tres anos de intercambio provisional das prazas de destino e aquelas que impliquen a máis de dúas persoas precisan ser informadas pola comisión de valoración, na que están presentes as organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial.

Notificacións. Todas as notificacións e resolucións serán por vía electrónica (conta de correo e/ou móbil que consten na solicitude. Tamén serán notificados das permutas os centros educativos.

Publicación na web. A relación completa de intercambios de prazas publicárase no portal educativo da Consellaría de Educación.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago
☎ 981 57 68 00
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina 90
15007 A Coruña
☎ 981 169 810
acorunha@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal